

2018-2019

Proxecto

Arquitectura indiana do

Concello de Tomiño

Documentación, inventario e catalogación

Sara Quintana Vila

Inma Gende París

Xustificación e metodoloxía

A arquitectura indiana concéntrase principalmente nas comunidades de Galicia e Asturias, aínda que tamén hai exemplos notables no resto da cornixa cantábrica, aportando un valor único ao patrimonio cultural dos lugares nos que se sitúa.

As construcións, concentradas maioritariamente entre o **último terzo do século XIX** e o **primeiro do XX**, abarcan diferentes tipoloxías e funcións, comprendendo **edificios públicos** e **privados**, como escolas, salóns, casas consistoriais, lavadoiros, vivendas particulares ou palcos de música, entre outras, financiadas por emigrantes que regresaban de América con aforros, a maioría, e con fortunas, uns poucos.

Hai que salientar destes inmobles, ademais do valor arquitectónico, o significado que tiveron na **realidade social** do momento, coa evolución que se produciu a distintos niveis grazas ao envío de capital desde América ata as zonas de onde eran orixinarios os emigrantes, xa que está relacionado cun **progreso económico, educativo, agrícola e social**.

Na **Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia** incorpórase á mesma un recoñecemento expreso aos **concellos** como **axentes** fundamentais en materia de **patrimonio cultural**, impulsándoos a exercer un grado de autonomía local tamén neste ámbito en defensa dos seus intereses. Así mesmo, a norma resalta a responsabilidade que exercen as entidades locais como interlocutoras eficaces e eficientes ante a sociedade á hora de protexer e conservar dito patrimonio.

Concibido o **patrimonio cultural** como un **instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible** que da soporte, como elemento integrador, á identidade da sociedade galega, esta lei impulsa a publicación regular dun **censo de bens** con potenciais valores culturais para futuros expedientes de catalogación ou bens de interese cultural ou posibles criterios que a administración pode ter en conta á hora de emitir un informe sobre os plans, programas e proxectos de natureza urbanística, territorial ou relativos á planificación económica sectorial ou xeral.

Dentro dos inmobles a protexer e difundir, a norma alude a dous tipos, recollidos no artigo 88, nos que se poderían enmarcar as **edificacións de estilo indiano de Tomiño**.
A destacar do artigo:

-Edifícios de **arquitectura civil** que serviran para uso público comunitario, como casas consistoriais, pazos provinciais, teatros, hoteis, sanatorios, mercados ou centros de ensinanza, entre outros.

-Edifícios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista ou do movemento moderno, incluída a **arquitectura de indianos**. Para a consideración do seu valor cultural, os inmobles deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola súa singularidade estética ou representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa.

A través deste proxecto trabállanse unha serie de obxectivos centrados en:

.**Catalogar e difundir** os inmobles de arquitectura indiana situados no Concello de Tomiño.

.Perpetuar a **identidade** de Tomiño a través da **Historia Local**.

.Establecer **diálogos interxeracionais** entres os veciños e veciñas a través da **divulgación histórica**.

.**Protexer, conservar e difundir** o **patrimonio cultural de Tomiño**.

.Integrar a **Tomiño** nas **redes de investigación**, conservación e difusión da arquitectura indiana.

Para levar a cabo este inventario e catalogación dos exemplos de arquitectura indiana en Tomiño fíxose unha investigación e **recompilación bibliográfica** e da **documentación** e dos **estudos** realizados ata o momento sobre esta materia, tanto a nivel local como xeral. Así mesmo, completouse cunha fase de **traballo de campo**, que tivo como fin realizar o **inventario, a xeolocalización, o mapa e o rexistro fotográfico** dos inmobles indianos tomiñeses, que terá o seu reflexo nunha páxina web propia con toda a información, así como a colocación dos paneis informativos nas escolas indianas da localidade, a través dos cales se poderá acceder a toda a información da web.

Deste xeito, a continuación poderase ler un resumo que nos introduce na emigración e arquitecturas indianas, e máis concretamente nos exemplos que se conservan no Concello de Tomiño, e ábrese o camiño a futuros estudos e investigacións relacionadas coa materia.

Deste xeito, queda rematada unha primeira fase que se poderá completar no futuro cunha serie de propostas. Estas poderían consistir na realización dunha **exposición** sobre a materia; a **convocatoria** de colaboración entre os **veciños** para configurar un **retrato social** da emigración do concello, cunha **campaña** de recollida de documentos gráficos e escritos; a celebración de **xornadas** sobre **emigración** e arquitectura indianas, así como o deseño de **rotas** polo Concello de Tomiño nas que se destaquen os inmobles de orixe indiano máis salientables.

ARQUITECTURA INDIANA
EN
TOMIÑO

Introdución e contexto

Entre mediados do século XIX e o primeiro terzo do século XX produciuse en Galicia un acontecemento histórico que marcaría en distintos ámbitos o seu desenvolvemento. Tratouse da **emigración a América**, que influíu en diversos aspectos, tanto **económicos**, como **sociolóxicos**, **educativos** ou **arquitectónicos**. Segundo Raúl Soutelo Vázquez, Galicia rexistrou unhas cifras totais de 2.041.603 emigrantes a América entre 1836 e 1950, con 1.400.000 saídas entre 1846 e 1924, o que representaría o 32,7 por cento dos 4.200.000 dos emigrantes españois¹.

Esta masiva emigración cara América débese a diversos factores, entre os que o autor mencionado expón: a **superpoboación** de Galicia a mediados do século XIX e as sucesivas **crises agrícolas** e das manufacturas domésticas protoindustriais², propiciadas por cultivos pouco diversificados, unha forma atrasada de explotar a terra e a ausencia de inversións industriais. A estes factores, José Ramón Campos Álvarez engade a **obrigatoriedade do servizo militar**, agravada polas guerras dende o primeiro terzo do século; a **publicidade** que facían os representantes consulares e as compañías navieiras, facilitando aos futuros emigrantes a pasaxe e a xestión de trámites precisos para partir; o nacemento de cadeas migratorias, nas que parentes e veciños propician un “**efecto chamada**” ou, por último, a imitación en zonas con tradición migratoria onde “facer as Américas” difundíase entre a poboación³.

A emigración a América pode analizarse dende distintos puntos de interese, pero hai dous a ter en conta, que ao mesmo tempo son contraditorios, xa que por unha banda atopámonos coa xente que decide emprender unha nova vida en América para progresar respecto á que levaba aquí e asegurarse perspectivas de futuro, e ao mesmo tempo esa partida masiva de persoas supuxo o **avance**, en moitos aspectos, **de Galicia** debido á remesa de cartos que chegaban alén do Atlántico, así coma todos os proxectos que

¹ Soutelo Vázquez, Raúl, “A emigración galega entre 1900 e 1931: causas, características, actores e consecuencias”, en Actas do Congreso de Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009), Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

² Soutelo Vázquez, Raúl, *ibidem*.

³ Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en Minius, II-III, 1993.

dende América se ideaban por parte dos emigrantes para por en marcha nos seus lugares de orixe.

As provincias de **Pontevedra** e A Coruña foron de onde máis persoas partiron cara América nos inicios. Contar con costa, rutas de navegación con ese continente e, no caso de Pontevedra, a proximidade con Portugal, que tiña enlaces con Brasil, fai que sexan estas dúas provincias as que rexistran as cifras máis altas de emigrantes, e como puntualiza Soutelo Vázquez, coincide con que eran as de maior densidade demográfica. Paulatinamente, uniríanse os habitantes de Lugo e Ourense, pero xa no primeiro terzo do século XX. Os principais portos de saída en Galicia foron os de A Coruña, Vigo e Vilagarcía-Carril. Explica Campos Álvarez que ata comezos do século pasado sería o porto coruñés o de máis afluencia de pasaxeiros e o no primeiro terzo da centuria pasará a ser o de Vigo⁴.

Os primeiros en emigrar foron os homes, predominantemente mozos solteiros, o que propiciou unha **alta taxa de retorno**. No primeiro terzo do século XX foron incorporándose as mulleres, polo que se aumenta a permanencia nos lugares de destino ao formar familias alén mar. As mulleres atopáronse con dificultades para partir cara América coma a necesidade de contar con autorización ou compañía dun familiar ou marido para facer ese cambio de vida.

Era frecuente que dentro dunha aldea ou pobo se emigrase a onde xa o fixeran previamente os familiares ou veciños, trátase do que os investigadores chaman **cadeas de emigración**. “Unha característica da emigración galega é a individualidade. Un saía só, e unha vez establecido, reclamaba á familia, creándose unha cadea migratoria entre paisanos que afecta a pobos enteiros, xa que os emigrados van chamando a familiares, amigos e veciños. Estes pasarán a instalarse nunha mesma localidade ou barrio no país receptor, a veces ao longo de xeracións. Isto tamén afectará ao tipo de traballo que

⁴“Da Coruña sale o maior número de emigrantes cara a Cuba (80% entre 1912-18 e un 62,8% en 1920-30), Porto Rico e México. A maioría proceden das provincias da Coruña e Lugo. De Vigo parten cara Arxentina (66% en 1912-18, 69,6% en 1920-30), Brasil e Uruguai. Por aquí saen ourensanos e pontevedreses. A proximidade do porto vai influir na elección do país de destino”, Campos Álvarez, José Ramón, *ibídem*,

desenvolvan, xa que vai dar lugar a que oriúndos dun mesmo pobo ou comarca galega realicen a mesma actividade económica”, explica Campos Álvarez⁵.

Está constatado que a maior parte dos emigrantes americanos eran **agricultores** de profesión, polo que a súa **procedencia** era eminentemente **rural**. Con todo, elixían entornos urbanos para vivir en América porque era onde máis posibilidades de traballo podían ter, de mellorar neste e de progresar socialmente. Estes estaban, normalmente, vinculados co **comercio** ou co **sector de servizos**. Traballaban de camareiros en hoteis ou restaurantes, nas industrias portuarias, de albaneis, en talleres ou de dependentes en tendas e almacéns, entre outras ocupacións. Isto permitíalles posteriormente independizarse e crear os seus propios negocios comerciais e contratar traballadores galegos, ben dos que estaban xa en América, ben reclamando entre familiares, coñecidos e veciños en Galicia. No que concirne ás mulleres, a maioría traballou no servizo das casas ou de hoteis, así como de enfermeiras, aias ou costureiras.

“Hai **casos illados de grandes empresarios** creadores de importantes empresas, que incluso controlaron importantes sectores **industriais** ou **comerciais**, pero estes foron unha excepción , xa que o galego non posuía unha iniciativa empresarial a gran escala e dedícase ao pequeno comercio, pequenos talleres [...] restaurantes modestos, casas de empréstitos, panaderías ou cafés”, puntualiza Campos Álvarez⁶.

Os historiadores e sociólogos que traballan sobre o fenómeno da emigración neste período concordan en que as persoas que marchaban facíanlo porque podían. É dicir, fan fincapé en que a xente que decidía emprender unha nova vida en América coa idea de progresar é porque tiña un respaldo que supoñía que si a “aventura” americana non saía ben poderían volver á casa da que partiran onde terían o **apoio económico familiar**, principalmente **baseado nunha pequena explotación agropecuaria**.

Respecto a isto, escribe Ramón Villares Paz: “Hai unha correlación bastante alta entre zonas e pequena propiedade ou rexións de pequenos propietarios e a intensa emigración. Non é o caso das rexións de propiedade latifundista e traballadores xornaleiros, como as do sur de España e tamén Portugal, que emigraron pouco a América (faríanlo a Europa

⁵Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en Minius, II-III, 1993.

⁶Campos Álvarez, José Ramón, *Ibidem*.

ou dentro da propia península despois dos anos sesenta, pero noutro contexto ben distinto)”⁷. É dicir, o **financiamento** das **viaxes** conseguíase a través de medios vinculados ás **propiedades dos campesiños**, mediante venta ou hipoteca, polo que era escaso o número de persoas que marchaban a América coa contratación pechada dende aquel continente. Este tipo de contratación estaba vinculado normalmente con traballos agrícolas en plantacións cubanas ou brasileiras e afectou máis a emigrantes procedentes de Andalucía ou Canarias, como indica José Ramón Campos Álvarez⁸.

Unha característica a destacar dos **emigrantes galegos** é que tiñan unha mínima formación escolar, xa que sabían ler e escribir. É dicir, partían cara América cuns coñecementos básicos, cousa que non ocorría con xente doutros países. “Os emigrantes **non eran necesariamente os máis pobres nin tampouco estaban menos instruídos** que os que quedaban. Isto ponnos sobre dúas pistas. A primeira, as razóns para emigrar non son necesariamente a pobreza e a miseria; e a segunda, para emigrar necesítase saber, non basta con decidir ir, necesítanse recursos e formación previa. Está constatado que os emigrantes españois que chegaban ao porto de Bos Aires tiñan un nivel porcentualmente superior de formación a moitos emigrantes doutra orixe”, conclúe Ramón Villares⁹. **Galicia**, a distintos niveis, viuse moi **beneficiada** pola **emigración americana** durante o período analizado. As familias dos emigrantes recibían remesas de capital o que lles permitía **saldar débedas, modernizar a produción agrícola, mercar gando** ou **mellorar** as súas **vivendas**, incluso construíndoas de nova planta. Así mesmo, este envío de caudais tamén será moi **beneficioso a nivel de comunidade**, xa que grazas a el propiciárase a construción de **infraestruturas públicas** como os lavadoiros, as escolas, as fontes, locais sociais, estradas, traídas de auga ou camposantos. Cabe lembrar, como apunta Soutelo Vázquez, que tamén houbo unha serie de empresas que incrementaron o seu negocio de forma exponencial grazas á emigración, como

⁷ Villares Paz, Ramón, “Vellas e novas formas de entender a emigración”, en *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

⁸ Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en *Miniús*, II-III, 1993.

⁹ Villares Paz, Ramón, “Vellas e novas formas de entender a emigración”, en *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

foron as navieiras, os consignatarios, os axentes de transporte e os bancos¹⁰.

Unha vez establecidos nos países receptores, os **emigrantes galegos** mantiveron as súas **tradicións**, incluídas as gastronómicas ou as relacionadas coas festas. Do mesmo modo, crearon un **forte sentido de colectividade** e era habitual que casasen entre eles. Este sentimento comunitario propiciou o nacemento e a **consolidación** de redes para facilitar a **asistencia médica**; a **formación continua**, ofertando clases a distintas horas que conciliarían cos traballos; a **creación de bibliotecas** e a **edición de libros e revistas**; a institución de **órganos** que **axudasen con trámites e xestións burocráticas** e a organización de **actividades lúdicas**, festivas e culturais, nas que o recordo de Galicia era constante. Neste contexto **nacen múltiples asociacións e os centros galegos** no terceiro terzo do século XIX en distintas cidades americanas para dar todo este tipo de servizos aos socios e, ao mesmo tempo, consolidar un prestixio social na sociedade de acollida, a cuxos membros invitaban a participar en moitas das actividades.

Característico dos **emigrantes galegos** respecto aos doutros países e incluso doutras zonas de España é que maioritariamente **tiñan na mente volver ao seu lugar de orixe**. A súa decisión de emigrar tomábase como algo temporal para reunir aforros que lles permitiran regresar e levar unha vida cómoda nas súas aldeas, pobos ou cidades. Isto implicaba na maior parte dos casos mellorar a casa familiar ou incluso construír unha nova dando lugar á arquitectura de indianos, aspecto que se abordará a continuación.

Unha **vez restablecidos nos seus lugares de nacemento**, quen non podía vivir da súa fortuna, era habitual que abrise un pequeno **establecemento hostaleiro ou comercial**, en moitos casos ultramarinos. Serán contados os exemplos de retornados que fagan inversión industrial, porque como explica Campos Álvarez non contan con experiencia no ramo e non arriscan a perder o conseguido, xa que descoñecen o funcionamento da estrutura económica española. “O emigrante invirte no que mellor coñece: a terra (sector agropecuario), que era a inversión máis segura e a que máis necesitada de modernizarse”, afirma o autor¹¹.

¹⁰ Soutelo Vázquez, Raúl, “A emigración galega entre 1900 e 1931: causas, características, actores e consecuencias”, en *Actas do Congreso de Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

¹¹ Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en *Minus*, II-III, 1993.

A arquitectura indiana.

Como se explicou previamente, os emigrantes galegos partían coa intención de progresar nos seus destinos en América e volver algún día aos seus lugares de orixe. **A súa volta manifestábase en Galicia de moitos xeitos, dende o ámbito educativo ao do asociacionismo, pasando polo agrícola, polo das infraestruturas e polo arquitectónico**, entre outros. Quizais este último é unha das pegadas máis salientables deste retorno indiano, xa que a diferenza doutras perdura no tempo, ademais de contar con innumerables exemplos espallados por toda Galicia, boa parte de Portugal e a cornixa cantábrica.

As construcións indianas abarcaron o entorno privado e o público. Así, entre estes últimos cabe mencionar escolas, casas consistoriais, lavadoiros, palcos de música, cemiterios ou parques, entre outros. No que respecta á arquitectura doméstica hai que destacar que se influenciaba polos estilos arquitectónicos dos diversos países americanos, pero tamén por catálogos dos que se podían extraer exemplos construtivos e ornamentais que recollían exemplos de diversas arquitecturas europeas e americanas.

Os expertos coinciden en sinalar que **é complicado identificar tipoloxías na arquitectura indiana, pero si están de acordo en que a característica común que teñen estas construcións é a procedencia do financiamento.** A arquitectura indiana desenvolveuse grazas aos cartos que procedían da xente que emigrara a América, aínda que non se poida clasificar esta arquitectura nun estilo ou corrente concretos, senón como unha mestura de varios.

Cada indiano que volvía optaba por empregar parte dos seus aforros ou fortuna, segundo os casos, na construción dunha vivenda. Sen embargo, non a todos lles alcanzaba o capital, polo que moitas veces só se rehabilitaba ou ampliaba a casa familiar, incorporándolle melloras para adaptala ás innovacións agrícolas e gandeiras. As vivendas convertíanse nun símbolo de estatus social.

“O grupo indiano de maior peso económico asumiu en plenitude as formas de vida da súa nova posición social e converteu as súas moradas nun signo de clase con poder diferenciador. A vivenda [...] adopta, polo xeral, a tipoloxía de vila ou hotel burgués, unifamiliar, exento e axardinado, situado nas zonas centrais das vilas ou nas propias aldeas de onde eran orixinarios, as veces en medio de paisaxes imposibles obrigados a cohabitar con palmeiras, miradoiros ou xardíns xeométricos desde os que contemplar o mar batente do Cantábrico, a dozura suave das rías atlánticas, os prados e os piñeiros da Galicia interior ou as abruptas escenografías das serras setentrionais”, introdúcenos Carlos Xixirei¹².

Deste xeito, operaban de dúas formas con eses fondos:

- **Arranxaban a casa familiar**, moitas veces aumentándolle unha planta, abrindo vans que favorecesen a ventilación, equipándoas con cuarto de baño e auga corrente, e, nalgúns casos, rodeándoas de xardín ou embelecendo as fachadas.
- **Construían de nova planta**, que de novo presentaban proliferación de vans en prol da hixiene, así como xardíns nos que aínda hoxe se aprecian distintas especies de árbores, entre as que destacan as palmeiras, tan alleas á flora autóctona galega.

Polo tanto a vertebración da arquitectura indiana é o seu financiamento, máis que as tipoloxías que se puideron reflectir nas construcións.

As vivendas indianas adoitan ser unifamiliares e é frecuente atopalas situadas no entorno rural, aínda que tamén hai numerosos exemplos en vilas, case sempre exentas e rodeadas por xardíns. **É habitual que mesturen distintos estilos e ornamentacións do historicismo, do modernismo, do *art nouveau* e incluso dos vangardismos racionalistas.** Afirma Sixirei que “a adscrición da casa indiana a un determinado estilo e volume edificado ten que ver máis co nivel económico e cultural do cliente que co técnico do profesional [que acomete a obra]. En calquera caso a residencia do emigrante retornado configurase como unha arquitectura de prestixio, en franca competencia coas sedes tradicionais do poder rural, o pazo, o concello ou a igrexa, presentando un marcado carácter diferenciador sobre o resto de construcións coas que convive”.

¹² Sixirei, Carlos, “Los habaneros”, en *Casas de indianos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

A pesar de que en Asturias foi frecuente a contratación de arquitectos para levantar estas vivendas, en **Galicia** deuse o caso contrario e **a maioría foron executadas por mestres de obras en base a propostas de catálogos que se importaban de América, de fotografías ou de indicacións dos propios promotores**. Así, como recompila Sixirei, en moitos destes edificios observamos oxivas, elementos propios do *art decó*, mansardas, miradoiros, bufardas, tellados a catro augas, eclecticismos europeos provenientes dos chalés suízos ou dos *cottage* ingleses, entre outros. **Todo signo de exotismo era benvido**.

Polo tanto, os indianos galegos depositaron maioritariamente nos mestres de obras locais a construción das súas vivendas, unido, como indica José Ramón Alonso Pereira, a que moitos municipios foron proclives a conceder licencias de obra sen solicitar documentación, polo que a **falla** de conservación de **planos e proxectos dificulta a investigación e identificación das obras**¹³.

De forma xeral, Alonso Pereira indica que as casas indianas constan dun “corpo basamental baixo, máis ben zócalo da edificación que, si se destina a soto, aparece perforado por ventás. Sobre el álzase a planta baixa coas pezas de estar e de recibir, con maior ou menor complexidade funcional e a planta alta, de dormitorios e vida familiar, comunicadas entre si por unha escaleira de amplo trazado. Por último, xorde algunhas veces unha terceira planta ao ático que aloxa os recintos ou funcións complementarios. Ao redor deste edificio agrupábanse normalmente distintos pavillóns de servizos¹⁴”. Hai que engadir que estas vivendas soían estar rodeadas dun **xardín** no que se mesturaban **especies autóctonas** con **flora foránea** na que as palmeiras tiveron e teñen un grande protagonismo. Polo tanto, será a ornamentación, máis que a construción, onde non se produciron grandes avances, a que facilite a identificación da heteroxénea arquitectura indiana.

Respecto aos **interiores**, ademais da **redistribución das estancias**, zonas comúns na planta baixa e individuais, na superior, así como o traslado das cortes do gando, non se

¹³ Alonso Pereira, José Ramón, “Arquitectura indiana”, en *Casas de indianos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

¹⁴ Alonso Pereira, José Ramón, *ibidem*.

presentan diferenzas con outros interiores doutra arquitectura contemporánea de Europa ou América, xa que presentan tendencia ao clasicismo e ao eclecticismo. Non abundan os exemplos de mobiliario especialmente deseñado para estas casas. O máis salientable soe ser a **escaleira** por ser un elemento distribuidor da vivenda, que toma moito protagonismo; o emprego de **baldosas hidráulicas**, de alta produción a comezos do século XX, e o emprego de **molduras** en escaiola pintada ou de madeira para ornamentar zócalos, linteis ou cornixas. A escaiola, por ser un material barato, tamén se empregou nalgúns ocasións para decorar teitos con motivos xeométricos, frecuentemente casetóns. Estes **ornamentos** procedían frecuentemente, coma moitas das plantas e alzados, de **catálogos** polo que a súa reprodución foi abundante.

As vivendas indianas posúen unha serie de características comúns que a continuación se citan:

-**Funcionalidade**: a arquitectura doméstica cambia na Galicia rural coa aparición das vivendas indianas pola busca nestas do que Alonso Pereira denomina “confort residencial”. Hai que ter en conta que ata ese momento nas casas de aldea galegas na planta inferior repartíase o espazo entre a corte do gando e a cociña con lareira. Un corredor, con portas enfrontadas, habitualmente separaba estas dúas estancias. No sobrado dispúñanse os dormitorios.

-Busca de **salubridade e hixiene**, polo que se aposta pola apertura de vans en todo o perímetro dos edificios que faciliten a ventilación. Nestas casas búscase incorporar dotacións coma a auga corrente ou habilitación de cuartos de baño. Sinala Alonso Pereira que este elemento foi símbolo de progreso.

-É frecuente que teñan **dúas plantas**. A parte inferior destínase a estancias comúns, como pode ser a cociña ou a sala de estar, mentres que no andar superior se situarían os dormitorios. No caso de haber máis plantas, as superiores albergarían outras dependencias que servirían de complemento ao resto. Algunhas destas poden ser abufardadas ou rematadas en torres ou miradoiros.

-Respecto ao emprego de **materiais**, apóstase por usar os que se atopen na zona de construción, por iso, como se exporá máis adiante, na zona de Pontevedra en moitas

ocasións emprégase o granito debido á proliferación de canteiras, que se reserva para zonas destacadas como as esquinas ou zócalos das fachadas. Outro material moi utilizado será a **forxa**, para soste galerías ou *porches*, así coma remate dos muros de peche das fincas, a modo de valo. Precisamente as **galerías** serán un dos elementos arquitectónicos máis recorrentes na arquitectura indiana. O seu emprego está directamente vinculado á importancia que se lle daba á presenza de vans nas casas, así como á produción industrial de vidro, que abaratóu os custos¹⁵. As galerías en Galicia converteranse nun dos elementos máis distintivos da vivenda indiana. Tamén será común o revestimento con **azulexos**, sobre todo na provincia de Pontevedra, debido á influencia portuguesa. Por último, pero non menos importante, cabe destacar o emprego do **formigón**, que abaratóu custos, tempos e permitiu ornamentacións en fachadas que no caso de ter que usar outros recursos incrementarían os orzamentos notablemente.

-As vivendas poden ser **rurais** ou ter un carácter máis **urbano**. Independentemente, cabe distinguir dous tipos de organización no terreo. Nuns casos, as casas constrúense pegadas á rúa ou camiño que lles pase por diante, sen deixar espazo entre a vía e a fachada. Normalmente estas casas, se contan con espazo, dispoñen na parte posterior un xardín ou horta. Noutros casos, as casas atópanse rodeadas dun terreo valado que garda un xardín no que se soían plantar unha grande variedade de árbores e plantas, moitas foráneas, como é o caso das palmeiras. É moi frecuente que unha parella de exemplares se situase diante da casa.

-É habitual que si as casas indianas están nun entorno urbano a **rúa** que pase por diante delas leve o nome do país ou cidade ao que maioritariamente emigraran os veciños. Este exemplo atopámolo coa Rúa Brasil, tanto en Goián (Tomiño) coma na Guarda, por exemplo.

-Na **arquitectura indiana galega** foi común a **ausencia** de **arquitectos** que deseñasen os edificios, en contraposición con Asturias, onde si houbo unha serie de profesionais especializados nestas construcións. Sen embargo, en Galicia foron os mestres de obras

¹⁵ Alonso Pereira, José Ramón, “Arquitectura indiana”, en *Casas de indianos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

os que levaron a cabo a maior parte destes edificios, segundo indicacións dos clientes, tomando como referencia en moitos casos catálogos de construcións que se vendían a nivel internacional.

-As **influencias estilísticas** foron moi diversas na arquitectura indiana. Nela obsérvanse trazos do historicismo, do modernismo ou do eclecticismo, en moitas ocasións mesturados. Isto responde ao gusto que houbo pola importación de modelos de proxectos mediante catálogos doutros países europeos e americanos.

As escolas

A **proliferación** de **escolas** en **Galicia** promovidas por **emigrantes indianos** foi un feito que se desenvolveu maioritariamente a comezos do século XX. Son varios os investigadores que aportan coma datas o período de tempo comprendido entre 1906 e 1936, xa que coa Guerra Civil esta iniciativa educativa viuse obrigada a finalizar.

O **interese** dos emigrantes galegos pola **educación** e a **formación** foi primordial dende os inicios. Tras a súa chegada a terras americanas, pronto se deron conta de que só ampliando a súa **formación** e a súa **educación** poderían **progresar laboral e socialmente** e acadar mellores empregos. Como recolle o profesor Xosé Manuel Malheiro do americanista Adolfo Posada, os galegos emigrados estaban “descontentos por comparación”, xa que ao carecer dunha boa base formativa quedaban relegados a empregos máis duros, e continúa Malheiro: “eran emigrantes receptivos que asimilaron o modelo democrático, laico e republicano da sociedade de destino e, ao mesmo tempo, solidarios coa precaria situación dos que permanecían no lugar de partida. O seu malestar, lonxe de se converter en pesimismo, motivounos a intervir, tratando de recrear na terra moitos aspectos positivos que lles proporcionara a experiencia migratoria”¹⁶.

Deste xeito, creáronse nos **centros galegos** e nas distintas **asociacións aulas de formación** que impartían clases en distintos horarios para concilialas coas xornadas laborais. Estas institucións foron importantes centros divulgadores, xa que moitos contaron con bibliotecas ou editoriais desde onde se editaban libros ou publicacións periódicas. Así mesmo, tamén se organizaban conferencias.

“Con motivo da gran concentración de galegos en terras do Novo Continente tómase a decisión de construír agrupacións de tipo local, segundo o lugar e procedencia dos emigrantes que [...] intentan recoller o espírito pedagóxico liberal presente en España durante o século XIX e facerse eco das deficiencias educativas do pobo que na súa.

¹⁶ Malheiro, Xosé Manuel, “As escolas da emigración”, Eduga. Revista Galega do Ensino, nº 52, 2008, pags. 50-54.

propia experiencia persoal podían comprobar¹⁷”, afirma Vicente Peña Saavedra.

Dado que unha das características da emigración galega foi a **alta taxa de retorno**, como xa se mencionou previamente, unha vez que volvían o tema da educación pasou a ocupar un lugar primordial nos obxectivos a desenvolver nos seus lugares de orixe. A creación de escolas, xunto con outras infraestruturas, así como os exemplos arquitectónicos públicos e domésticos, é un dos legados máis destacados que deixaron os emigrantes en Galicia.

Segundo os expertos, calcúlase que **foron creadas máis de 200 escolas e unhas 300 aulas no primeiro terzo do século pasado por diversos puntos de Galicia**. Estes centros de ensino estaban directamente relacionados co **asociacionismo**, maioritariamente co **agrarismo**, que **promovía** a creación destes **centros** para atender aos **nenos** en idade escolar e aos **adultos** dos lugares de orixe dos emigrantes. Segundo os datos aportados por Miguel Cabo Villaverde: “Entre 1900 e a Guerra Civil fúndanse unhas 225 escolas primarias en Galicia grazas ao financiamento das *Sociedades de Instrución* creadas na emigración americana, e resulta frecuente que se busque a colaboración dunha sociedade agraria que garanta o correcto destino das achegas e o seguimento do labor dos mestres¹⁸”.

“As *Sociedades de Instrución* poderían ser definidas como agrupacións particulares de índole cultural que propugnan e intentan operativizar novas solucións ás necesidades educativas máis acuciantes do momento. Dentro deste grupo peculiar de asociacións destacan en Galicia as denominadas *Sociedades de Recreo e Instrución* creadas por emigrantes”, describe Vicente Peña Saavedra¹⁹.

¹⁷ Peña Saavedra, Vicente, “Presupuestos socioeducativos para la implantación de las escuelas de americanos y las sociedades de instrucción en Galicia”, en *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*, vol. II, 1983, págs. 359-370.

¹⁸ Cabo Villaverde, Miguel, “O movemento agrarista. Escenas de conforación e de renovación ideolóxica en Galicia”, Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009), Instituto de Estudos Miñoranos, 2011.

¹⁹ Peña Saavedra, *ibidem*.

Pola súa parte, explica Malheiro, no artigo xa comentado, “As escolas da emigración”: “En total 484 sociedades de instrución foron fundadas en América entre 1904 e 1936, que abranguían o 70 por cento dos municipios galegos nese período, a pesar de que so un 35 por cento chegou a culminar o seu proxecto de intervención escolar”.

Os membros destas sociedades, defensores da educación como vehículo de progreso, apostaron por paliar as carencias que presentaba Galicia no eido educativo naqueles anos. **A falla de implicación das administracións públicas, estatal e locais**, en manter unha educación de calidade levou a unha situación onde as **aulas** non reunían boas condicións, moitas veces **carentes de recursos necesarios** e situadas en espazos alugados que non reunían os requisitos precisos para desenvolver a actividade. Así mesmo, tamén se detectaba unha alta taxa de absentismo entre mestres e alumnos.

Os **emigrantes retornados**, a través das asociacións das que formaban parte, **lograron crear escolas en inmobles deseñados e levantados con este fin; contrataron a mestres segundo méritos**; apostaron por uns **programas académicos progresistas e laicos**, baseados nos que se impartían nos países de destino, e dotaron as instalacións de **materiais docentes e equipamentos** coma bibliotecas ou laboratorios. “Esta preocupación, case devoción pola escola pública sorprendeu a quen chegara alí [...]. Foron [...] os que tentaron levar ás aldeas galegas o espírito da escola pública americana, construíndo edificios, dotando aulas, democratizando espazos, promovendo métodos que encheron de luz os lugares nos que antes só había escuras e derramadas escolas”, enumera Malheiro²⁰.

Estes centros educativos ofreceron docencia nas parroquias aos fillos dos socios, pero tamén a outros escolares que carecían de recursos. Neles tamén impartíase **formación a adultos** en horario nocturno. Segundo José Ramón Campos Álvarez, en 1900 o 63,62 por cento da poboación galega maior de sete anos era analfabeta. En 1930 érao o 35,22 por cento. “Esta redución debeuse en grande parte ao aporte individual ou colectivo dos emigrantes, o cal contrasta coa indiferenza das autoridades”, conclúe²¹.

²⁰ Malheiro, Xosé Manuel, “As escolas da emigración”, Eduga. Revista Galega do Ensino, nº 52, 2008, pags. 50-54.

²¹ Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en Minius, II-III, 1993.

Apunta Malheiro en *Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar indiana na provincia de Pontevedra*, que a *Ley Moyano*, que regulaba a ensinanza a nivel estatal dende mediados do século XIX, atribuíulle ás escolas promovidas polos emigrantes americanos “a condición de públicas, malia reservar determinados dereitos aos seus padroados. Deste xeito, o ensino oficial experimentou un notable enriquecemento en termos de instalacións e equipamentos debido a que unha boa parte das escolas de fundación foron aproveitadas polo estado para crear a rede escolar pública”.

A influencia do que viviran en América marcaría as súas actuacións nos lugares de orixe, xa que como recorda Malheiro: “Aprenderon axiña unha nova cultura baseada no asociacionismo e a participación cívica; no respecto á liberdade de conciencia e a súa libre manifestación pública. Grazas aos equipos de ensinanza para adultos dos centros galegos da Habana, Bos Aires ou Montevideo, puideron ser alfabetizados e, incluso, recibir ensinanzas profesionais; ademais das oportunidades que lles facilitaron os sindicatos obreiros nos que se foron afiliando²²”.

No que respecta á **arquitectura** destes edificios, baseouse no **pragmatismo**, distribuíndo o espazo en aulas, a veces separadas por sexos, equipadas con todo tipo de **material escolar**, que incluían mapas ou coleccións de animais ou minerais; **lugares de recreo** onde se impartía educación física ou se ocupaba o tempo de lecer; **bibliotecas**, das que o material podía ser consultado polos veciños, en moitas das ocasións; **laboratorios** dotados con instrumental; dependencias para as **vivendas dos mestres**; **hortas** nas que levar a cabo **experimentación agrícola** ou **obradoiros** nos que aprender un **oficio**.

No deseño destas construcións primaba a **funcionalidade** e buscábase para emprazalas lugares aireados, xa que a **hixiene e a salubridade** eran dúas das premisas nas que se baseaban estes edificios, como o era nos domésticos, polo que era frecuente que houbera aseos e auga corrente, e que estiveran orientadas o máximo de horas posible cara a luz do sol. **Procurouse que se situasen nas parroquias máis poboadas ou nun punto equidistante para dar o mellor servizo posible.**

²² Malheiro, Xosé Manuel, “As escolas da emigración”, *Eduga. Revista Galega do Ensino*, nº 52, 2008, pags. 50-54.

Optar pola practicidade e a funcionalidade contrastaba coa monumentalidade que se buscara nos edificios educativos do século XIX. As sociedades de instrución estarían influídas no aspecto didáctico e teórico pola *Institución Libre de Enseñanza*, entre outras correntes, e semella que tamén no aspecto arquitectónico. En referencia ao deseño polo que apostaban dende a institución, escribe José Ramón Iglesias Veiga: “Propoñen un **edificio escolar austero** acomodado ás esixencias da pedagogía do momento e deseñado con **criterios de economía, hixiene, solidez, iluminación** unilateral pola esquerda, **amplas ventás** coa parte superior móbil para facilitar a ventilación, **aulas amplas** e rectangulares, etc.²³”.

En relación a esta concepción nestas construcións, destaca Narciso de Gabriel unha idea fundamental: “Con cada edificio que se construíu facían chegar unha mensaxe moi precisa: **a escola é unha institución importante**, tanto que estaban dispostos a sacrificar aforros para dotala dun edificio consorte á función que está chamada a desempeñar e que contribuía a dignificala. **Era importante a formación tanto si se pretendía emigrar como si se pretendía quedar en Galicia**²⁴”.

Afirma Peña Saavedra que era común que os edificios se adaptasen “ás directrices postuladas polas tendencias historicista, modernista, rexionalista ou academicista, cando non a eclécticas ou sincréticas pautas artísticas e construtivas. Polo demais, non era raro que estes inmobles adquirisen unha **funcionalidade polivalente**, actuando de verdadeiros núcleos vertebradores, cohesivos, dinamizadores e expansivos da microcolectividade na que se asentaban, o que lles confería daquela un carácter a todas luces precursor e dor²⁵”.

²³ Iglesias Veiga, José Ramón, “Os edificios escolares na evolución da arquitectura galega de finais do XIX e primeira metade do XX”, Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009). Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

²⁴ De Gabriel, Narciso, “A emigración como factor dinamizador da alfabetización”, Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009). Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

²⁵ Peña Saavedra, Vicente, “As escolas que viñeron alén mar (Galicia, ss. XVII-XXI). Algunhas réplicas desde terras lusas”, en Revista da Facultade de Letras. Historia, Porto , III serie, vol. 3, 2002, pags. 245-262.

Intimamente vinculados ao movemento do agrarismo, estes centros educativos ademais de impartir materias como aritmética ou lingua, tamén potenciaban outras **ensinanzas máis enfocadas ao mundo laboral**, coma aquelas que tiñan que ver coas **técnicas agropecuarias ou con actividades comerciais** como contabilidade, mecanografía ou redacción de cartas comerciais. As actividades complementarias eran variadas, xa que se programaban conferencias, excursións e actividades lúdicas ao longo do curso.

Sérvenos a modo de conclusión no referente á creación destas escolas o que apunta Carlos Méixome Quinteiro: “O cómputo de escolas e de sociedades patrocinadoras non está aínda pechado, pero si se pode dicir que moitas aldeas, parroquias e vilas coñeceron centros educativos modélicos. Nestas escolas primaba a calidade educativa, a valía profesional dos docentes e a retribución dos mesmos. Isto contrastaba coas escolas públicas rurais da época, sumidas na desidia profesional e no abandono administrativo²⁶”.

TOMIÑO

Predominantemente rural e cun censo de 13.464 habitantes no 2018, Tomiño atópase entre os concellos mais poboados da provincia de Pontevedra, pero dende mediados do século XIX e nas primeiras décadas do XX tamén se viu marcado pola emigración a América, cun constante fluxo de veciños que partían con perspectivas de progresar economicamente.

Este concello, como o resto da maioría dos de Galicia, viuse favorecido en diversos aspectos pola emigración americana, como a continuación repasaremos:

1. En primeiro lugar, destaca a mellora económica, debido ás remesas de cartos que os emigrantes enviaban ás súas familias, o que lles permitía mellorar ou construír vivendas, así como o financiamento da filantropía mediante a creación de escolas ou da busca da mellora dos procesos e sementes agrícolas.

²⁶ Méixome Quinteiro, Carlos, Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009). Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar, 2011.

2 Como se explicou previamente, dende América promoveuse a creación de asociacións en toda Galicia e Tomiño non foi alleo a esta corrente. A maioría delas nacían vinculadas ao agrarismo e promovían o avance nos cultivos e na produción, ademais de crear ou colaborar coa creación de escolas. Tamén era frecuente que organizasen bailes e outras actividades lúdicas en cada parroquia.

Respecto a esta cuestión, recorda Miguel Cabo Villaverde: “Ata o segundo lustro do século XX o agrarismo vai ser un fenómeno fundamentalmente pontevedrés e será esta a provincia que actúe como avanzada na constitución das primeiras federacións a nivel municipal e mesmo provincial [...]. Polo que atinxe aos aspectos sociais, o movemento agrario foi un dos principios vectores de cambio na sociedade galega do primeiro terzo do século XX, grazas en boa medida á súa interacción coas organizacións dos emigrantes en América Latina. Ambos movementos alimentáronse mutuamente, como poden testemuñar as achegas financeiras das sociedades americanas ás agrarias, a experiencia migratoria de moitos directivos de sociedades ou a colaboración nas realizacións do eido educativo²⁷”.

Así mesmo, segundo recolle Joaquín Miguel Villa Álvarez en *Sindicalismo no Baixo Miño (1930-1936)*. O predominio do agrarismo tomiñés²⁸, existiron doce sociedades agrarias entre 1905 e 1936 en Tomiño: Obreros Agricultores de Goyán (1905), Obreros Agricultores de Figueiró-Estás (1907), Obreros Agricultores de Los Tebras (1910), Agricultores Católicos de la Parroquia de Taborda (1910), Obreros Agricultores de Tomiño y Forcadela. La Unión (1910), Centro de Agricultores de Tomiño y su Distrito (1910), Obreros Agricultores de la Parroquia de Barrantes (1910), Obreros Agricultores de Amorín-Currás (1910), Obreros Agricultores de Taborda (1911), Agricultores de Forcadela (1922), Casa del Pueblo de Figueiró (1931) ou Agricultores de Carregal-Amorín (1931). Tamén especifica que existiu Agricultores de Sobrada, aínda que se descoñece a data de creación.

²⁷ Cabo Villaverde, Miguel, “O movemento agrarista. Escenas de confrontación e de renovación ideolóxica en Galicia”, *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936)*. I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009), Instituto de Estudios Miñoranos, Gondomar, 2011. ²⁸ Villa Álvarez, Joaquín Miguel, *Sindicalismo no Baixo Miño (1930-1936)*. O predominio do agrarismo tomiñés, Concello da Guarda, A Guarda, 2002.

-Tomiño destaca por ter un número considerable de escolas, xa que se contabilizaron ata seis, aínda que hoxe en día se conservan cinco: Escola Aurora del Porvenir (Santa María de Tomiño), Escola da Fundación Peirópolis (Santiago de Estás), Escola Unión del Porvenir (Taborda-Piñeiro), Escola de Cristelos (San Vicente de Barrantes) e Escola Hispano-Americana (Goián). As dúas primeiras proseguen coa función para o que foron concibidas, xa que son escolas de primaria integradas no Centro Rural Agrupado Mestre Manuel Garcés de Tomiño; a terceira e a cuarta convertéronse en locais sociais para uso dos veciños e a última é un centro de formación municipal.

-Respecto á arquitectura doméstica son múltiples os exemplos repartidos polas quince parroquias do concello ata conformar un número aproximado de trinta. Sen embargo, cabe destacar dous núcleos de poboación que sobresaen pola cantidade de edificios de características indianas coas que contan. Trátase de Goián, cun carácter máis urbano, e de Estás. Inclusive no primeiro hai unha rúa nomeada como Avenida de Brasil, no que se levantan varias casas indianas, que da conta do país a onde maioritariamente emigraron os veciños do pobo. Así mesmo, nesta vía tamén se atopa o cemiterio municipal, no que hai dous panteóns financiados por familias emigradas a América. Ademais das vivendas, hai que destacar o Centro Goianés, situado no centro urbano, que é un exemplo de arquitectura de lecer, xa que sempre se dedicou a lugar de reunións e cafetería.

No concello non existen moitos exemplos de arquitectura doméstica por formato ou por ornamento que sexan de características espectaculares, como sucede na veciña A Guarda, nas Mariñas coruñesas ou na Mariña lucense. Sen embargo, si se conserva un bo número de exemplos espallados por toda a xeografía na que se poden observar moitas características da arquitectura indiana.

Estes edificios, que se analizarán individualmente en cadansúa ficha, frecuentemente teñen dúas plantas. Na parte inferior sitúanse as estancias comúns e na superior os dormitorios. Ornamentalmente, presentan diversas influencias estilísticas, desde as historicistas ata as modernistas, predominando o pintoresquismo.

Quizais o elemento máis destacado e máis recorrente sexa a presenza de galerías, tan comúns nos edificios modernistas galegos e nas casas de indianos. Tamén é habitual a presenza de estruturas ou elementos metálicos para decorar cornixas ou valos dos cerramentos das fincas. Maioritariamente, estas casas encóntranse nun entorno rural, polo tanto están exentas e normalmente rodeadas de terreo. Nalgunhas aínda se conservan o valo que cerca os xardíns con especies exóticas como as palmeiras. Nestas zonas rurais tamén se observan exemplos de remodelacións das casas de aldea autóctonas, que se modificaron aumentándolles unha planta e abrindo vans en pro da salubridade e da hixiene.

Respecto ás casas que están en zonas urbanas, como é o caso de Goián, cabe dicir que algunhas amósanse adosadas e outras exentas, pero ningunha posúe as características de grandes vilas que se poden ver noutras poboacións. A maioría das goianesas responde ao tipo de vivendas cuxa fachada principal se sitúa paralela á estrada, sen deixar espazo entre ambas, aínda que na parte de atrás si dispoñen de terreo para horta ou xardín.

No uso de materiais de construción e ornamentación si coinciden as vivendas de todo o concello, aínda que non os empreguen todos ao mesmo tempo, apostando polo formigón para construír e decorar; forxa para cerramentos de valados ou balcóns; pedra local para esquinais, baseamentos ou paramentos, que era habitual que fosen revocados e pintados ou azulexos para decorar fachadas ou interiores.

Como é lóxico, ao longo do tempo un gran número das casas foron sufrindo modificacións para adaptalas as necesidades dos seus propietarios e usuarios. Isto obsérvase nos exteriores, pero tamén, segundo testemuñas dos veciños, xa que a moitas non se pode acceder por ausencia dos propietarios, nos interiores. No exterior, entre as modificacións máis comúns destacan os cambios nos cerramentos dos vans, moitas veces empregando materiais que distorsionan visualmente o conxunto, como é o caso de portas ou ventás de aluminio. Así mesmo, tamén se observan nalgúns exemplos o levantamento do revoco nos paramentos exteriores para deixar a cachotería á vista, concordando cos gustos estéticos actuais.

Nas fichas de catalogación móstrase un análise de cada vivenda, documentada graficamente con varias fotos e coas coordenadas que facilitan a súa situación.

AS ESCOLAS

Para a documentación das escolas conservadas no Concello de Tomiño, recorreuse ás publicacións de Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, ás de Natalia Jorge e ao proxecto As Escolas da Emigración, desenvolvido dentro do Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega.

A proliferación da creación de novos centros educativos en Galicia no primeiro terzo do século XX está vinculada ao fenómeno da emigración a América, que desde mediados do século XIX se incrementara cuantitativamente. Tomiño non foi alleo a esta corrente e viuse beneficiado pola construción de seis escolas, aínda que actualmente só se conservan cinco: Escola Aurora del Porvenir, Escola de Cristelos, Escola Hispano-Americana Goianesa, Escola da Fundación Peirópolis e Escola de Taborda-Piñeiro. Convértese así, tras os concellos de A Estrada, Lalín e Vigo, no cuarto que máis institucións de ensinanza de orixe indiana conserva da provincia de Pontevedra.

Os veciños tomiñeses que marcharon a América mantiveron un contacto constante cos seus lugares de orixe, retornando en gran número, característica compartida co resto dos emigrantes galegos. De procedencia maioritariamente rural, os indianos, como eran coñecidos, enfocaron os seus esforzos en mellorar a sociedade a través do desenvolvemento agrario e educativo. Este último significaba para eles a mellor forma de progresar laboral e socialmente, tal e como aprenderon na súa experiencia nos países de destino. Buscaban que os veciños que nun futuro decidiran emprender a aventura trasatlántica optasen a mellores postos de traballo dos que os pioneiros conseguiran. Deste xeito tamén contribuíron a paliar a mala situación da educación pública do momento, afectada por infraestruturas en pésimas condicións e persoal docente insuficiente.

Mediante achegas filantrópicas individuais ou a través do asociacionismo, os indianos tomiñenses promoveron escolas de nova construción, dotadas de todo o material

preciso para desenvolver as clases, e seleccionaron mediante oposición a docentes cualificados. Aos programas educativos de carácter laico, ademais das materias básicas do plan de ensino, como lectura, escritura, aritmética, xeometría, xeografía, historia e debuxo, incorporáronse outras vinculadas á contabilidade comercial, a actividades agropecuarias ou á Historia de América. Era frecuente a programación de excursións a comarcas veciñas ou a celebración doutras actividades lúdicas, así como facilitar o acceso dos veciños ás bibliotecas ou ao material formativo do que estes centros dispoñían.

ESCOLA DA FUNDACIÓN PEIRÓPOLIS

Situada na parroquia de Estás, esta escola foi promovida, a través da Fundación Peirópolis, por Abdón Alonso Alonso, que no 1880 emigrou a Brasil onde se dedicou, entre outros negocios, á explotación de minas de cal e ao cultivo de arroz. Mediante esta fundación, tamén contribuíu cunha importante doazón á escola Aurora del Porvenir, na veciña parroquia de Tomiño. Na localidade brasileira de Peirópolis sostiña un orfanato e un hospital infantil para familias sen recursos.

Na acta fundacional deste centro amósase a intención de contribuír ao progreso cultural dos nenos que asistiran ás súas clases mixtas de educación primaria. Para lograr este obxectivo, ademais de financiar o edificio, a Fundación Peirópolis tamén se fixo cargo do salario dos docentes, ademais de dotar as aulas con mobiliario e material pedagóxico. Actualmente, nunha metade do edificio segue a haber unha escola de infantil e primaria, integrada no Colexio Rural Agrupado Manuel Garcés de Tomiño. Na outra metade sitúase a Aula Abdón Alonso, onde se reproduce unha clase da época de creación do edificio.

Respecto á arquitectura, o edificio exento, con planta en forma de “T” e tellado a catro augas, presenta unha única altura con soto. A fachada principal artículase simetricamente mediante unha portada rematada en arco polilobulado que sobresaie en altura da liña da cornixa en forma de ático sostido por pilastras que imitan estar feitas por perpiaños. Á porta, rematada en arco de medio punto ornamentado con volutas, accédese por unha escaleira delimitada por un murete baixo, a modo de balaústre,

que diminúe en anchura conforme ascende.

A ambos lados da porta sitúanse dúas placas, unha recordando ao fundador, Abdón Alonso, e a data de creación, 1935, e outra en honor ao Mestre Manuel Garcés Estévez, que impartiu clase entre 1974 e 2001. O resto da fachada presenta tres vans en cada metade, que se corresponderían con cadansúa aula. Na parte posterior, disposto perpendicularmente, sitúase un anexo que facilita unha segunda entrada ao edificio. Sobre o revoco que agocha os muros de cachotería empréganse as cores para destacar visualmente o zócalo onde se sitúa o soto, así como os vans de todo o perímetro e a portada. Está rodeada dun espazo destinado a espallamento acoutado mediante un valo composto de muros baixos con listóns de forxa dispostos en horizontal.

ESCOLA DE CRISTELOS

Esta escola foi promovida e inaugurada en 1927 pola *Sociedade Protectora de Barrantes Pro Instrucción, Fomento y Protección Mutua*, que tivo na dirección e como protector do centro a Daniel Calzado, que estivo emigrado en Bos Aires e unha vez de volta, chegará a ser alcalde de Tomiño nos primeiros anos da década dos 30 do século XX. Foi, ademais, unha figura moi activa na vida cultural da colectividade galega na capital arxentina.

Nos estatutos de fundación deste centro buscábase a formación dos alumnos, sen distinción de sexo, nas materias xerais que se impartían daquela, pero moi enfocada en coñecer sobre a historia e sobre o comercio dos países americanos, que nun futuro poderían ser destino para os máis pequenos.

O edificio estaba dividido en dúas partes. Unha reservábase para aula e outra para biblioteca, onde había material a disposición dos alumnos e dos adultos veciños para documentarse sobre agricultura ou comercio. Na actualidade, tras unha rehabilitación no ano 2000 que deixou o interior diáfano, é a sede da Comunidade de Montes de Barrantes.

Arquitectonicamente, destaca pola súa sinxeleza, xa que a edificación exenta, que se alza sobre un baseamento que a nivela sobre o terreo, presenta planta rectangular, unha altura, paramentos de cachotería e tellado a dúas augas debaixo do cal houbo un faiado que non se conserva. A porta da fachada principal remata en arco de medio punto e a ámbolos seus lados ábrense tres vans. Nas cabeceiras tamén se abren vans, sobre un dos cales se pode ler a data de 1931. Carece de ornamentación algunha. Esta tipoloxía básica para os centros escolares repítese en varios concellos pontevedreses.

ESCOLA HISPANO-AMERICANA GOIANESA

Foi a *Sociedad de Obreros Agricultores de Goián* quen, xunto coa *Sociedad Unión Hispano-Americana Goyanesa*, con sede en Nova York, construíu esta escola en 1928, aínda que a creación do centro educativo remóntase a 1914 (durante eses anos as clases impartíronse noutra sede). Contou cunha biblioteca, que recibía doazóns de material desde Estados Unidos, e que estaba aberta ao alumnado de ambos sexos, pero tamén aos veciños.

Actualmente, o edificio dedícase a centro de formación ocupacional municipal e o seu aspecto dista moito do orixinal. Semella que o edificio primixenio tiña planta rectangular, unha soa altura e tellado a dúas augas. Posteriormente, engadíuselle un anexo das mesmas características, máis baixo en altura, que fai que o conxunto agora presente planta en “L”. A fachada principal da construción presentaba unha porta central con dous vans a cada lado e unha escaleira de chanzos redondeados nos extremos que diminúen de tamaño a medida que ascenden. Parte desta escada e un dos vans quedaron inutilizados polo anexo construído posteriormente.

ESCOLA DE TABORDA-PIÑEIRO/ UNIÓN DEL PORVENIR

Co fin de atender aos escolares de primaria das parroquias de Taborda e Piñeiro, a *Sociedad Unión del Porvenir Instrucción y Recreo*, con sedes en Nova York, Bos Aires e Lisboa, promoveu en 1931 a construción dunha escola na que se impartiran clases aos máis pequenos e que fose un lugar de espallamento para as familias dos adultos que foran socios. Constaba de dúas aulas na planta inferior onde se impartía docencia a

nenos e nenas. Confiscada en 1936, o edificio continuou sendo centro educativo durante a ditadura franquista, ata que arredor de 1970 foi clausurada e abandonada.

Actualmente, tras unha recente rehabilitación rematada en 2013, o inmovible funciona como centro social para uso dos veciños. O edificio, de planta rectangular posúe dúas alturas e está feito en perpiaños de cantería. A fachada principal artículase simetricamente nos dous andares, repetindo a disposición de porta central acompañada por unha parella de vans a ambos lados. Estes levan na parte superior unha moldura decorativa en forma de prisma rectangular e como protección na parte inferior unha pequena balastrada feita en formigón, o mesmo material empregado no balcón do segundo andar e na crestería de ornamentación xeométrica que recorre a cornixa. Foi común na arquitectura indiana mesturar materiais locais, como a pedra neste caso, co formigón, que permitía abaratar custos e acurtar tempos de realización. No frontón rematado en pináculo que coroa a parte central do edificio pódese ler a data de 1931 e Unión del Porvenir.

ESCOLA AURORA DEL PORVENIR

Inaugurada en 1931, esta escola foi promovida pola *Sociedad Aurora del Porvenir pro Instrucción*, con sedes en Bos Aires e Lisboa, e ao seu financiamento colaborou Abdón Alonso Alonso, creador da Escola da Fundación Peirópolis na parroquia de Estás. Ricamente dotado, este centro contou con instalacións para a práctica de deporte ou para a experimentación agrícola, así como cun espazo de estudo. Dispoñía de dúas aulas, unha para nenos e outra para nenas, onde se impartían diversos niveis de formación segundo as idades dos escolares, preparatorio, elemental, medio e superior, e tamén se diferenciaban algunhas materias segundo o sexo.

O centro contou con avanzados métodos educativos, que seguían pautas pedagóxicas arxentinas e recomendacións da *Institución Pedagógica de Enseñanza Intuitiva* da Coruña, en boa parte grazas á experiencia pedagóxica de Antón Alonso Ríos, director e mestre do mesmo. Recoñecido galeguista e cunha ampla experiencia docente durante a súa etapa de emigrante en Arxentina, Alonso Ríos estivo rodeado dun equipo de docentes de alta cualificación, como foron Raquel Granja, José Ares, Enrique Lobito ou

Pilar Lloréns que chegaron a impartir clase a máis dun centenar de alumnos. Foron diversas as actividades que completaban a formación regrada, tales como a celebración de excursións ou a formación para adultos.

Tras ser confiscada en 1936, despois do golpe de estado, foi pechada e os seus promotores e colaboradores perseguidos e axustizados, acusados de defender políticas antiespañolas. Pasaría a converterse en sede falanxista e na década dos anos 40 recuperaría a súa función como escola nacional. Actualmente, é escola de ensinanza infantil e primaria, formando parte do Colexio Rural Agrupado Mestre Manuel Garcés de Tomiño.

O edificio, de grandes dimensións, presenta planta rectangular e tellado a catro augas, cunha parte central cuadrangular destacada en altura, acadando os dous andares, e sobresaíndo das fachadas posterior e dianteira. Nesta ábrese unha porta, á que se accede por unha escada de dous chanzos, rematada en arco de medio punto, ao igual que os vans da parte inferior, a diferenza dos da superior, de forma rectangular. Neste volume central situaríase o vestíbulo, dese onde se distribuía o acceso ás aulas, que se dispoñen simetricamente a ambos lados contando cunha soa altura.

Construído en cachotería, como se observa no baseamento, o edificio presenta revoco de formigón nos paramentos o que facilita a realización da escasa ornamentación que presenta, como é o caso da moldura que recorre perimetralmente o edificio, tan so interrompida polos vans, da que arrancan decoracións que semellan pilastras feitas con perpiaños. O segundo andar do volume central remátase nun frontón truncado no que hai inscrito un círculo cego en relevo.

Bibliografía:

-*Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936). I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, Instituto de Estudios Miñoranos, Gondomar, 2011.

-*Arquitectura e indianos na cidade de Vigo e bisbarra*, Instituto de Estudios Vigueses, Vigo, 2013.

-Blanco Rodríguez, Juan Andrés, *El asociacionismo en la emigración española a América*, Uned Zamora, Zamora, 2008.

-Braña, Alejandro, *Asturias, tierra de indianos. Rutas para descubrir su legado*, Nuevedoce, Gijón, 2010.

-Braña, Alejandro, *La travesía de la memoria. Interiores de casas de indianos en Asturias*, Nuevedoce, Gijón, 2014.

-Braña, Alejandro, *Un viaje en el tiempo. Recorridos por las casas de indianos*, Nuevedoce, Gijón, 2009.

-Cabana González, Marina, *Arquitectura indiana en Galicia. Las rías de Ares y Ferrol*, 1997.

-Cabano Vázquez, Ignacio, *El Pasatiempo. O capricho dun indiano*, Caderno do Seminario de Sargadelos, Ediciós do Castro, Sada, 1998.

-Cagiao Vila, Pilar, “Cinco siglos de emigración gallega a América”, *Historia general de la emigración española a Iberoamérica*, vol. 2, págs. 293-316.

-Cagiao Vila, Pilar, *Galicia nos contextos históricos*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000.

-Cagiao Vila, Pilar, *La emigración gallega a América del Sur*, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2013.

-Cagiao Vila, Pilar, *La huella de Galicia en América a través de la emigración*, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 2005.

-Cagiao Vila, Pilar, *Muller e emigración*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997.

Cagiao Vila, Pilar, “Un século de estudos galegos. Galicia fora de Galicia”, *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Universidad de La Habana, vol 2, 2000.

- Cagiao Vila, Pilar, “Veinticinco años de investigación sobre la emigración Gallega a América”, *Miniús. Revista do Departamento de Historia, Arte e Xeografía*, nº 17, 2009.
- Campos Álvarez, José Ramón, “La emigración gallega a América (1880-1930). Integración y retorno”, en *Miniús*, II-III, 1993.
- Casas de indianos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Casas de indianos. Pontevedra*, Secretaría Xeral de Emigración, Santiago de Compostela, 2009.
- Castrillo Sagredo, Benito, *El aporte de los indianos a la instrucción pública y su historia hecha en “La Prensa” de Buenos Aires*, Oviedo, 1926.
- Castro, Xavier, “Contribución a la historia de los indianos en Galicia”, *Boletín Auriense*, ano XXVI, t. XXVI, 1996, p. 193-203.
- Costa Rico, Antón, *Aproximación a la historia de la enseñanza primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX (1898-1936)* (tesis doctoral), Universidad de Salamanca, 1983.
- Costa Rico, Antón, *As escolas dos americanos*, Revista Galega de Educación, nº53, 2012, págs. 42-46.
- Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Xerais de Galicia, Vigo, 1998.
- Galicia y América. El papel de la emigración*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 1990.
- González Álvarez, Sandra; Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, *Legado sociocultural da emigración galega*, Consellería de Emigración e Cooperación Exterior, Santiago de Compostela, 2002.
- Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos, Ares, Cabanas, Fene e Mugardos*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Comisión de Cultura da Delegación de Ferrol, Ferrol, 2000.
- Jorge Pereira, Natalia, “Antón Alonso Ríos no agrarismo tomiñés (1931-1936)”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 33, 2016, págs. 53-74.
- La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*, Júcar, Gijón, 1994.
- Louzao Martínez, Francisco Xabier, *Historia de la arquitectura en Galicia. Del Neoclasicismo a la autarquía*, Universidade da Coruña, A Coruña, 2015.
- Klein, Herbert, *La emigración española en Brasil. Siglos XIX y XX*, Archivo de Indianos, Colombres, 1996.

- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “A emigración galega a América. Sociabilidade, política, cultura e educación”, *Revista Galega de Educación*, nº 53, 2012, págs. 12-21.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “A ‘Escola Americana’ do Val Miñor. Modernización e reforma pedagóxica na Galicia do primeiro tercio do século XX”, Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, nº 8, 2004.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “A resposta das clases populares ás eivas educativas na Galiza de entreséculos”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 27, 2013, págs. 107-129.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “Antón Alonso Ríos. Unhas respostas sobre emigración, agrarismo e escola rural”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, nº 53, 2003.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “As escolas da emigración”, *Eduga. Revista Galega do Ensino*, nº 52, 2008, págs. 50-54.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico. Ignacio de Parga e Antón Alonso Ríos*, Edición do Castro, Sada, 2006.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, *As fundacións docentes dos indianos nas terras do Deza*, Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 2000.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, *Herdanza da emigración ultramarina. Catálogo fotográfico da arquitectura escolar indiana na provincia de Pontevedra*, Deputación de Pontevedra, 2005.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “La investigación histórico-educativa en Galicia”, *Historia y Memoria de la Educación*, nº4, 2016.
- Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “Una nueva luz. La influencia de la escuela argentina en la intervención de los emigrantes gallegos en sus lugares de origen”, *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, nº 26, 2007, págs. 341-366.
- Morales Saro, María Cruz, *Arte, cultura y sociedad en la emigración española a América*, Universidad de Oviedo, Oviedo, 1992.
- Maluquer de Motes, Jordi, *Nación e inmigración. Los españoles en Cuba. Siglos XIX y XX*, Fundación Archivo de Indianos, Gijón, 1992.
- Mesquita, Mario, *Emigración e exilio nos Estados Unidos de América*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2015.
- Naranjo Orovio, Consuelo, *Las migraciones de España a Iberoamérica desde la independencia*, Catarata, Madrid, 2010.

- Núñez Seixas, Xosé M., *¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas? Sobre os emigrantes e a política da Restauración (1900-1923)*, Betanzos, 1995.
- Peña Saavedra, Vicente, "As escolas de americanos en Galicia. Proxecto e realizacións na comarca de Ferrolterra", *Revista eumesa de estudos*, nº 7, 2000.
- Peña Saavedra, Vicente, "As escolas que viñeron alén mar (Galicia, ss. XVII-XXI). Algunhas réplicas desde terras lusas", en *Revista da Facultade de Letras. Historia*, Porto , III serie, vol. 3, 2002, págs. 245-262.
- Peña Saavedra, Vicente, "As sociedades galegas de instrucción," *Estudios migratorios*, nº 1, 1995.
- Peña Saavedra, Vicente, "Educación y patrimonio cultural. El legado escolar de la emigración gallega", *Pedagogía y construcción de ámbitos de actuación*, 2016.
- Peña Saavedra, Vicente, *Las escuelas de americanos y las sociedades de instrucción en Galicia* (tesis doctoral), Universidade de Santiago de Compostela, 1991.
- Peña Saavedra, Vicente, "Los emigrantes transoceánicos como agentes de modernización educativa en el norte peninsular", *La educación de España a examen (1898-1988)*, vol. 2, 1999, págs 213-246.
- Peña Saavedra, Vicente, "O arquivo da emigración galega e a recuperación da memoria histórica dos galegos no exterior", *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Universidad de La Habana, vol. 2, 2000.
- Peña Saavedra, Vicente, "Panorámica de la intervención escolar de los emigrantes gallegos a América. Siglos XVII-XXI", *El asociacionismo y la promoción escolar de los emigrantes del norte peninsular a América*, 2012, págs. 35-69.
- Peña Saavedra, Vicente, "Presupuestos socioeducativos para la implantación de las escuelas de americanos y las sociedades de instrucción en Galicia", en *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*, vol. II, 1983, págs. 359-370.
- Peña Saavedra, Vicente, "Tres aspectos del proyecto escolar de los emigrantes gallegos", *Bordón. Revista de pedagogía*, nº 253, 1984.
- Rodríguez Galdo, María Xosé, *Galicia, país de emigración. La emigración gallega a América hasta 1930*, Fundación Archivo de Indianos, Colombres, 1993.
- Sánchez Albornoz, Nicolás, *Espanoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.
- Sánchez Alonso, Blanca, *La inmigración española en Argentina. Siglos XIX y XX*, Júcar, Barcelona, 1992.

- Santos Rego, Miguel Anxo, “A cuestión educativa e sociocultural na emigración galega en América”, *Grial*, t. XXXIII, nº 128, (out.-nov.-dec. 1995), págs. 55-570.
- Villares, Ramón; Fernández, Marcelino, *Historia da emigración galega a América*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

Recursos en liña:

- Arquivo da Emigración Galega: <http://consellodacultura.gal/aeg/>
- As Escolas da Emigración: <http://mapas.consellodacultura.gal/escolas/index.php>
- Fundación Archivo de Indianos-Museo de la Emigración:
<http://www.archivodeindianos.es/>
- Museo Pedagógico de Galicia. MUPEGA: <http://www.edu.xunta.es/mupega/>